ESCOLA DE TEATRO DE NIGRÁN

CURSO 2026 -2027

XOVES DE 16.00 A 17.00 HORAS

INFANTIL (3 A 5 ANOS)

AUDITORIO CONCELLO DE NIGRÁN

XOVES DE 17.05 A 18.05 HORAS

NENOS/AS (5 A 7 ANOS)

AUDITORIO CONCELLO DE NIGRÁN

XOVES DE 17.30 A 19.00 HORAS

MAIORES (+60 ANOS)

CENTRO DE MAIORES DE VILAMEÁN - NIGRÁN

XOVES DE 18.10 A 19.10 HORAS

NENOS/AS (7 A 9 ANOS)

AUDITORIO CONCELLO DE NIGRÁN

XOVES DE 19.15 A 20.15 HORAS

NENOS/AS (10 A 12 ANOS)

AUDITORIO CONCELLO DE NIGRÁN

XOVES DE 20.30 A 22.00 HORAS

ADULTOS (+18 ANOS)

AUDITORIO CONCELLO DE NIGRÁN

VENRES DE 17.30 A 19.00 HORAS

MAIORES (+60 ANOS)

CPI ARQUITECTO PALACIOS DE PANXÓN

VENRES DE 19.00 A 20.30 HORAS

MOZOS/AS (13-18 ANOS)

CPI ARQUITECTO PALACIOS DE PANXÓN

PRAZOS DE INSCRICIÓN

INSCRITOS O ANO PASADO

21-22 DE SETEMBRO

NOVAS INSCRICIÓNS
EMPADROADOS EN NIGRÁN

24-25 DE SETEMBRO

NOVAS INSCRICIÓNS
NON EMPADROADOS EN NIGRÁN

29 DE SETEMBRO

INSCRICIÓN

OBXECTIVOS

- Fomentar o crecemento persoal (emocional, psicolóxica, artístico e físico) a través das ferramentas do teatro.
- Desfrutar, xogar, aprender e divertirse co teatro.
- Dinamizar, promover e impulsar a vida teatral e artística do entorno.
- Aprender a integrarse socialmente nun grupo a través do teatro.
- Achegar o teatro a todos os colectivos sociais para axudar e favorecer á súa evolución persoal

UNHA ESCOLA PARA TODAS AS IDADES E PARA TODOS OS GUSTOS

INFANTIL ..... DE 3 A 5 ANOS

NENOS E NENAS ..... DE 5 A 9 ANOS

NENOS E NENAS ..... DE 10 A 14 ANOS

MOZOS E MOZAS ..... DE 14 A 18 ANOS

PERSOAS ADULTAS ..... DE 18 ADIANTE

MAIORES ..... MÁIS DE 60 ANOS

PROFESORADO

PEDRO RODRÍGUEZ

Director de teatro, guionista, escritor e xornalista.

Pedro é xornalista e director de teatro do grupo de Nigrán Teatro do Ar. Leva contando historias dende pequeno, é un amor que lle legou o seu avó, o mellor contacontos que coñeceu. Por iso fíxose xornalista, director de teatro e é guionista. Tamén ten unha novela publicada coa editorial Xerais.

Xa se representaron 12 obras súas, entre elas, unha finalista do Xuventude Crea e dúas mencións destacada nos premios Buero Vallejo de Teatro Joven. Tamén ten premios de novela curta e poesía e tres libros publicados.

Pedro, ademais do grao en Xornalismo, ten un mestrado de Guión de Cine e Televisión na Factoria do Guión de Madrid, onde aprendeu o oficio da man de grandes profesionais do audiovisual español e internacional, e o Mestrado do Profesorado pola USC.

SARAI GÓMEZ

Experta en teatro social e monitora de tempo libre

Sarai graduouse en Traballo Social cun TFG sobre o teatro social como terapia para mellorar a vida das persoas en xeral, entre elas colectivos con diversidade, risco de exclusión, maiores... Tamén reflexionou sobre o tema durante o seu mestrado en Menores en situación de conflito e desproteción social.

Leva facendo teatro dende nena e agora está a especializarse en dobraxe e é monitora de tempo libre.

PABLO FERNÁNDEZ

Profesor, actor afeccionado e mestrado en Estudos Teatrais

Pablo é profesor de inglés no CPI Arquitecto Palacios de Panxón dende que comezou o seu percorrido nas aulas confía no teatro como un elemento esencial no crecemento dos nenos, nenas, mozos e mozas.

Ten un mestrado en Estudos Teatrais e ademais é actor afeccionado dende hai máis de 20 anos. A súa experiencia nas táboas e nas aulas deixa ao seu lado moitas boas historias.

SHEILA FIGUEROA

Estudante de Interpretación na Escola Superior de Arte Dramático en Vigo e Mediadora Comunicativa

Sheila é Mediadora Comunicativa dende hai 3 anos, pero actriz dende sempre. Leva no grupo Teatro do Ar case unha década e agora está formándose como intérprete pola Escola Superior de Arte Dramático de Galicia.

Participou en numerosas obras de teatro, curtas e a anuncios, e ten unha mención de actriz destacada nos premios Buero Vallejo de Teatro Joven.

Tamén ten coñecementos de Lingua de Signos Española, Movemento Expresivo e Técnica Vocal.

SERGIO TRABAZOS

Actor con experiencia en diversos eidos da interpretación.

Sergio é profesor da escola dende hai dous anos e un apaixonado do mundo das artes escénicas. Leva pisando os escenarios dende os 13 anos, unha vocación que o acompañou e medrou con el co paso do tempo.

Durante todos estes anos participou en diversas montaxes e proxectos teatrais e audiovisuais, acumulando unha sólida experiencia que abrangue dende a interpretación ata a creación escénica.

ABRAHAN MAYÁN

Profesor, actor afeccionado e mestrado en Estudos Teatrais

Abrahan é outro dos membro de Teatro do Ar sendo o seu dominio as artes plásticas e artesanía. Chegou o mundo do teatro herdado do seu avó, que sempre estaba disfrazado en calquera festa que se presentase. Amante da parte artística que rodea o teatro estudou escenografía sendo a súa paixón o vestiario.

Xastre autodidacta actualmente atópase cursando Dirección de Arte e un Máster de Producción. Traballou en diferentes curtas asesorando en vestuario incluso traballando na sección de vestuario dunha película. Tamén foi actor en diferentes películas sen deixar atrás toda a carreira que leva en Teatro do Ar dende os seus inicios.

MÁIS INFORMACIÓN EN

@TEATRODOAR

GRUPOTEATROAR@GMAIL.COM

TEATRO DO AR